

PLAN DE CONVIVENCIA DO CEIP RAMÓN CABANILLAS	
ÍNDICE	1
A. Análise da situación actual.	2
• Características do centro e o seu contorno.	2
• Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.	4
• Estado das relacións e participación na vida do centro.	4
• Conflitividade detectada. Resultados da enquisa de convivencia.	5
• Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.	7
B. Obxectivos do plan de convivencia	8
C. Descrición das actuacións, medidas e programas a desenvolver.	9
• Coidamos as persoas.	10
• Coidamos as relacións.	10
• Coidamos o contorno.	11
D. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.	11
E. Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou programas, das persoas ou órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos a seguir para o seu desenvolvemento e execución.	22
• Liñas de actuación para prever os conflitos.	22
• Resolución de conflitos e mediación.	24
• Protocolos de actuación no caso de condutas prexudiciais para a convivencia.	25
• Accións posteriores.	25
F. Normas de convivencia do centro e protocolo para a detección do seu incumprimento.	26
• Normas básicas de convivencia.	26
• Dereitos e deberes do alumnado.	28
• Protocolo para a detección do incumprimento das normas de convivencia.	28
G. Condutas contrarias á convivencia e correccións que correspondan ao seu incumprimento.	28
• Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e a súa corrección.	28
• Condutas leves contrarias á convivencia e a súa corrección.	30
H. Normas para o funcionamento da comisión de convivencia e plan de actuación da aula de convivencia.	32
• Comisión de convivencia.	32
• Aula de convivencia.	32
I. Mecanismos de coordinación e colaboración interna do centro, coas familias e outros centros e organismos do contorno.	35
J. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.	36
M. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.	36

A. Análise da situación actual.

Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.

CEIP Ramón Cabanillas
Código de centro 15015998
R/José Antonio Souto Paz, 5 (Santiago de Compostela)
Tfno e fax: 981 54 31 83
Correo electrónico: ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.es
Web: http://www.edu.xunta.es/centros/ceipramoncabanillas/

Acolle dúas liñas do segundo ciclo de educación infantil e outras dúas de educación primaria nun edificio de recente construción, no que vén funcionando dende o curso 2010/2011. A pesar dalgunhas necesidades que non foron previstas no deseño do edificio, as instalacións foron construídas con criterios de calidade, accesibilidade e confortabilidade. Todos os espazos son accesibles para as persoas con dificultades motoras: hai ramplas nos accesos, ascensor e aseos adaptados.

As aulas e despachos contan con todas as instalacións eléctricas e de rede telefónica para poder conectarse a Internet.

O sistema de calefacción é eficiente e ben dimensionado.

A demarcación da zona de escolarización, abrangue unha ampla área do SL da cidade de Santiago de Compostela, nos barrios de: O Ensanche, Pontepedriña, Castiñeiriño e Sar. É zona urbana na práctica totalidade, con algúns retallos periurbanos de vivendas unifamiliares con terreo e dependencias anexas. Está experimentando unha importante transformación por mor de urbanizacións de recente planificación que hai dentro do seu ámbito.

Na zona existen equipamentos deportivos, culturais e de ocio: varias asociacións culturais e Centros Socioculturais, a Escola Galega de Prevención de Riscos Laborais e no centro comercial da zona funciona un departamento cultural que organiza actividades durante o ano.

Preto do colexio están o parque Eugenio Granell e as Brañas do Sar que, coas súas áreas de pradería,

céspedede, xardín, bosque de ribeira e carballeira, son un importante recurso para as actividades docentes.

O colexio está adscrito aos IES de Pontepedriña e IES de Sar.

Equipamento.

Á renovación de instalacións non coincidiu coa dos equipamentos. Ao desgaste que tiñan sufrido polo uso acumulado hai que engadirlle o deterioro que sufriu na mudanza. Completouse o equipamento con achegas posteriores da Administración e adquisicións do centro que nos últimos cursos foron mellorando a situación. De todos xeitos, compre ir establecendo plans para a renovación, sobre todo dos equipos informáticos.

Feita esta salvidade, en liñas xerais, o centro conta con medios suficientes e axeitados.

Utilización dos espazos e recursos.

Durante o horario lectivo, para as actividades docentes.

- **Aulas.**- Resultan luminosas e están ben orientadas. Todas teñen equipamento TIC, aínda que algúns precisos de renovación. Nos cursos de 5º e 6º, os equipamentos son os do programa Abalar.
- Cada unha das aulas de infantil ten aseo propio, e saída directa ao patio desta etapa.
- Hai catro aulas para grupos reducidos, utilizadas para AL, PT, reforzos e desdobres.
- **Biblioteca.**- Está concibida como unha mediateca. Resultando un recurso moi dinámico, ademais da achega de materiais de información e consulta para as actividades docentes, realiza accións de dinamización e animación á lectura con moi bos resultados e acolle outras actividades como contacontos, proxeccións, exposicións, charlas, e actividades diversas.
- **Ximnasio.**- É luminoso, amplo e conta con calefacción (moi necesaria no inverno por estar orientado ao N.).
- **Patios.**- Suficientes en superficie, distribución e adecuados para o seu uso.
- **Despacho e locais para xuntanzas.**- Suficientes en número e acondicionamento pero non hai ningún espazo para reunións de grande grupo, agás a sala do profesorado.

A ANPA utiliza para as reunións da directiva a aula de convivencia.

Durante os servizos complementarios e actividades extraescolares fóra do horario lectivo.

Ademais de para a actividade docente ordinaria, algúns destes espazos son utilizados fora do horario escolar. Para estas actividades fóra do horario lectivo e da supervisión directa do persoal docente, só se ceden os espazos, nunca se poderá utilizar o material propio do equipamento do centro. As empresas que presten o servizo haberán de aportar os seus propios recursos. No PEC recóllense as condicións nas que se autoriza o uso das instalacións.

Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

O modelo de centro

Esforzámonos por conseguir un centro:

- **Aberto ao contorno.**- Mantendo relacións fluídas e compartindo recursos e actividades cos outros centros educativos, a Universidade, o Concello e con todas as institucións e organizacións que nos poidan aportar colaboración e apoio.
- **Participativo e favorecedor da comunicación interpersonal.**- Onde toda a comunidade educativa se implique. Procurando ampliar a participación e boa relación coas familias a través do Consello Escolar, das reunións periódicas nas titorías, fomentando vías de contacto como o espazo Abalar e explorando aqueloutros medios que as TIC nos proporcionen. Nesta participación, o profesorado é o factor fundamental de dinamización.
- **Integrador.**- Presidido por un clima de convivencia no que teñen cabida todos os alumnos e todas as alumnas, así como as súas familias, sen distinción de raza, sexo, etnia, clase social ou cultural. A cortesía no trato será o alicerce das relacións entre todos e todas. Un colexio ao que o alumnado veña a traballar sentíndose seguro, confiado e valorado.
- **Potenciador da educación en valores.**- Cultivando a tolerancia, a solidariedade, a igualdade, a responsabilidade, a liberdade, o compañeirismo e a colaboración, o respecto aos demais, a conciencia e o compromiso coa sustentabilidade medioambiental.
- **De calidade, dinámico e innovador.**- No que o alumnado desenvolva as competencias clave segundo as súas capacidades. Para que logre mediante elas: a realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
- **Dialogante e comprometido na resolución dos problemas.** O conflito é un feito inevitable, normal e, se se sabe afrontar, pode resultar ata saudable. Manteremos canles que permitan mediante o diálogo, a persuasión e o compromiso a resolución satisfactoria para todos e todas.

Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do PAS e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.

As relacións dentro da comunidade educativa son, polo xeral, boas. O esforzo realizado desde a aprobación do anterior plan de convivencia está dando froito.

A filosofía coa que dende sempre tentamos abordar a convivencia reflectímola do seguinte xeito: *“As actitudes a desenvolver e a organización do centro en materia de convivencia non está enfocada á aplicación de medidas disciplinarias senón a fomentar boas condutas e potenciar a adquisición de habilidades, necesarias para crear un clima de aula e centro, onde o alumnado experimente e sinta aquelas situacións que lle permitan formar a súa personalidade. Isto lógrase se hai respecto, asumimos que hai outras formas de pensar distintas da nosa e resolvemos os conflitos de forma*

pacífica”. Entre o alumnado, teñen un papel fundamental na resolución dos conflitos os compañeiros e compañeiras que realizan tarefas de mediación.

Non se pode descoidar a intervención para que nos servizos complementarios, onde o alumnado non está baixo a supervisión directa do profesorado, se sigan as pautas recollidas no Plan.

En relación ás familias seguiremos traballando a prol dunha maior implicación nas actividades académicas dos seus fillos e fillas. Sobre todo, e importante difundir entre pais e nais os obxectivos do noso traballo e o coñecemento dos valores que o orientan para que haxa coherencia entre o labor educativo que as familias tamén teñen a obriga de afrontar co que nós realizamos nas aulas.

Coa ANPA tense logrado unhas relacións cordiais e de colaboración. Cómpre coidalo, pois consideramos que é un elemento fundamental no que apoiarse para manter un clima axeitado de convivencia e boas relacións no conxunto da comunidade educativa.

Entre o profesorado, o nivel de participación é moi alto. Nos últimos anos, acadouse un clima de traballo presidido polas boas relacións persoais e un ambiente agradable, que tiveron reflexo nunha valoración positiva do labor docente pola maior parte da comunidade escolar e, o que é moi importante para o que atinxe a este plan, creou un contorno escolar pouco conflitivo e no que se aposta pola prevención e a resolución dialogada dos problemas.

Necesidade de formación

De todos xeitos, aínda que a convivencia é unha preocupación de todo o claustro, faise preciso proporcionarlle ao profesorado formación específica na resolución dos conflitos. Ata o de agora véñense resolvendo mediante o sentido común e a experiencia de moitos anos na docencia. Faise necesario ter estratexias, que nos permitan detectar que situacións son as que provocan máis conflitos, para previlos e tamén saber intervir cando xurdan.

Conflitividade detectada no centro. Resultados da enquisa sobre convivencia.

Na actualidade o clima de convivencia pódese cualificar en xeral como satisfactorio. Este é un sentimento xeneralizado en toda a comunidade educativa. Os datos da enquisa levada a cabo no primeiro trimestre do curso entre o alumnado, pais e nais e profesorado así o reflecten. A modo de resume, podemos salientar os seguintes resultados:

Alumnado:

- En xeral hai boas relacións entre compañeiros e compañeiras, tanto do propio curso como do resto do colexio.
- Teñen a sensación de que o colexio está ben coidado e que instalacións e equipamentos son respectados.
- As condutas positivas para a convivencia que se dan con máis frecuencia, en todos os casos as

respostas favorables (bastante ou moitas veces) superan o 85%. Reflictese nelas que o alumnado pensa que no colexio: Obedécese e respéctase ao profesorado, cúmprense as normas, aténdese nas clases, fanse as tarefas, respéctanse os horarios...

- Pola contra, as condutas negativas, son maioría os nenos e nenas que cren que non se dan nunca ou case nunca. As únicas ás que o alumnado lles da unha certa relevancia, achegando o 20% das respostas que constatan a súa existencia serían: Interromper, molestar e non deixar dar clase; non ter coidado do aseo persoal e chegar tarde a clase.
- O alumnado que se considera vítima ou agresor, por ter participado nalgún conflito con algún compañeiro ou compañeira é moi pouco.
- Amosan confianza e non lles importa dar a súa opinión perante o profesorado sobre as decisións que se toman no centro.

Profesorado

- Ten un alto grao de coñecemento dos documentos do centro relativos á convivencia.
- Hai unha sensación moi maioritaria de que a convivencia mellorou nos últimos anos, considerando que os problemas que hai son puntuais.
- Amosa unha alta coincidencia ao valorar a importancia que teñen na convivencia escolar aspectos como: abordar a convivencia dende a prevención, desenvolver entre toda a comunidade programas para adquirir habilidades e competencias sociais, formar ao profesorado na xestión da convivencia e traballar as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción tutorial.
- Tamén ten a sensación de que as instalacións están coidadas e recoñece que a súa organización, tal como está recollida nas NOF, respéctase polos usuarios e usuarias.
- Hai coincidencia en que o xeito de resolver os conflitos máis valorados son os baseados no diálogo.
- Considera que a maioría das familias amosan interese e seguen os estudos dos seus fillos e fillas.
- Sobre as causas nas que se basean as condutas do alumnado, maioritariamente pensan que son: o contexto social, o carácter e personalidade do neno ou a nena, o aumento da tolerancia social fronte a esas condutas e os problemas familiares.

Familias (a pesar de que non participaron todos os pais e nais, a mostra dos que cubriron a enquisa é significativa). Os resultados das súas respostas indican que:

- Aspiran nun 90,2% que os seus fillos ou fillas acaden un título universitario.
- Coinciden co profesorado en que a convivencia ten mellorado nos últimos anos e que o centro se coida ben.
- A maioría amosa unha actitude positiva á participación na vida do centro: falan a diario cos

seus fillos ou fillas sobre como lles foi e sobre temas variados, amosan interese por seguir a súa evolución escolar e o seu comportamento, acoden ao centro cando se lles cita e piden entrevistarse co profesorado titor.

- A totalidade das respostas din que o seu fillo ou a súa filla nin foron vítimas nin agrediron a ninguén.
- Tamén entre as familias predomina a opinión de que as mellores fórmulas para resolver os conflitos son as baseadas no diálogo.
- O 95.1% están satisfeitos co colexio.

Nos últimos cinco cursos, incoáronse dous expedientes por condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Estiveron motivados pola reiteración de agresións, desafíos á autoridade do profesorado e actos inxustificados que perturbaron o normal desenvolvemento das clases.

No día a día, si son máis frecuentes pequenos conflitos, sobre todo nos tempos de lecer, pero que a aplicación de medidas preventivas e a resolución a través do diálogo e a mediación vainos resolvendo.

Hai algún alumno con problemas condutuais e de indisciplina en clases, patios e corredores, cos que se está actuando. Estas condutas danse con máis frecuencia nos servizos educativos complementarios: non se respectan as normas que regulan o uso dos espazos, materiais e, nalgún caso illado, ao mesmo persoal monitor.

Outro tipo de problemas, que se dan con certa frecuencia, son:

- Non empregar as fórmulas esenciais de cortesía (saúdo, despedida, pedir perdón, dar as grazas...)
- Falar todos á vez ou co compañeiro ou compañeira.
- Amosar pouca responsabilidade no que respecta ao seu traballo persoal e ao estudo.
- Esquecer material na casa.
- Distracción, falta de atención.
- Impulsividade.
- Falta de puntualidade á hora de entrada e á de saída de determinadas familias.
- Asistencia ao centro

Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

Respostas do centro ata o momento

- Trátase de previr, detectando e atallando calquera conflito por pequeno que sexa, con actuación inmediata. Antes que a corrección e a sanción, propoñemos poñer as condicións e facilitar as pautas para unha convivencia pacífica e respectuosa.
- Labor tutorial, en todos os cursos, promovendo a boa relación entre os compañeiros e compañeiras, fomentando actitudes de respecto e tolerancia, mediante o diálogo, animando ou

facilitando que sexan os propios alumnos os que arranxen os pequenos conflitos.

- Unha hora semanal de habilidades sociais, no terceiro ciclo, cada curso escolar, apoiados por monitores da UMAD
- Actividades de acollemento e apoio ao alumnado estranxeiro.
- Información ao profesorado de nova incorporación ao centro.
- Fomentando o traballo do profesorado en equipo.
- Dinamización de xogos
- Aplicación de NOF.
- Actividades formativas dirixidas a toda a comunidade educativa. Compre salientar as que dentro do plan director, relativas á prevención do acoso escolar, se levaron a cabo cunha alta participación e que foron moi ben valoradas por alumnado, familias e profesorado.

B. Obxectivos do plan de convivencia

Obxectivos xerais.

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que

potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Obxectivos específicos.

- Potenciar a formación do profesorado.
- Implicarnos todos os sectores da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias e persoal non docente) na detección e resolución dos conflitos.
- Desenvolver unha intervención preventiva, como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua.
- Xerar boas prácticas de convivencia a partir dunhas normas xerais de conduta, que todos deben coñecer.
- Practicar unha metodoloxía participativa, de traballo cooperativo, onde o alumnado sexa o protagonista.
- Evitar contradicións nas intervencións do profesorado, para non desorientar ao alumnado.
- Priorizar a resolución de xeito formativo: expresando, escoitando, clarificando situacións, negociando, ata chegar a acordos satisfactorios.
- Detectar e dar resposta inmediata aos conflitos plantexados polo alumnado que presente alteracións no seu comportamento, ou situacións de intimidación e acoso entre iguais.
- Sensibilizar as familias sobre a importancia de previr condutas non desexables que podan percibir os nenos.
- Ofrecer pautas de actuación ás familias e derivalos a servizos externos ao centro.
- Fomentar a implicación das familias na resolución de conflitos.
- Canalizar as actuacións de forma que permitan resolver sós as situacións de risco ou derivar a outros servizos externos.
- Recoñecer a labor dos mediadores.
- Fomentar o respecto entre os membros da comunidade.
- Erradicar calquera tipo de prexuízo e comportamento sexista.
- Fomentar as actitudes e destrezas precisas para garantir a igualdade real entre homes e mulleres.
- Favorecer a integración e non discriminación por razón de sexo, raza, confesionalidade e cultura.

C. Descrición das actuacións, medidas e programas a desenvolver.

Actividades previstas

As accións dividirémolas en tres bloques:

- Coidamos as persoas
- Coidamos as relacións

- Coidamos o noso contorno

COIDAMOS AS PERSOAS

As actividades deste apartado estarían encamiñadas a atender os sentimentos persoais, competencias sociais e á integración no grupo:

- Atención individual en tutoría.
- Dedicación de media hora a unha hora semanal de tutoría traballando os hábitos, normas, emocións, habilidades sociais, valores a base de asambleas, xogos cooperativos, contos, dramatizacións onde se traballe a afectividade...
- Fomentar que manifesten os estados de ánimo, medo, problemas..., a nivel individual e de aula.
- A través de sociogramas e observacións sistemáticas tratar de coñecer as relacións que se establecen dentro do grupo.
- Levar a cabo técnicas de dinámicas de grupo polo orientador do centro.
- Fomento da autoestima.
- Desenvolvemento do programa de habilidades sociais coa colaboración da UMAD: Tipos de comportamentos e establecemento de normas (pedir, dar grazas, saudar, despedir, reclamacións...) conversas, sorrir e rir, dar e recibir opinións agradables, saber dicir non, toma de decisións, saber poñerse no lugar doutro, afrontar conflitos, dar e recibir queixas.

COIDAMOS AS RELACIÓNS

Neste bloque tratamos de establecer relacións sans e positivas cos demais, base fundamental para unha boa convivencia:

- Información do director sobre este Plan ao profesorado, a principio de curso.
- Acollida ao novo profesorado, responsabilizándose o equipo directivo ou en quen deleguen.
- Acollida aos nenos e nenas de tres anos polo titor/a.
- Acollida ao alumnado estranxeiro.
- Manterase comunicacións coas familias: colectivas en xuño e outubro coas familias (onde o titor informa das normas de convivencia, recollidas nas NOF, e da resolución de conflitos) e entrevistas individuais ao longo do curso.
- Enviaranse, de dirección, circulares informativas ás familias.
- Información a través do seu representante no Consello escolar.
- Reunións cos servizos do Concello: Servizos Sociais, Unidade de atención a familias, Departamento de educación.
- Difundiremos o programa de Alerta escolar no momento da matrícula.
- Traballarase de forma coordinada con condutuais do Equipo de orientación específico de A Coruña.

- Manteranse reunións con ARELA, Down Compostela, ASPANAES e Asociación de nenos hiperactivos.
- Sensibilización pola igualdade home/muller. O profesorado coidará de que as actividades grupais sexan sempre mixtas. O responsable da coeducación será o Orientador.
- Debate das normas de convivencia de centro e consensuar as normas en cada aula no mes de setembro, polo titor e profesorado en xeral.
- Aceptación da diversidade mediante o exemplo diario do profesorado.
- Información da cultura dos países de todos os compañeiros inmigrantes, a través do currículo con lecturas, documentais, composicións plásticas.
- Sensibilización para prever o maltrato e desigualdade mediante charlas e visionado de películas, musicais...
- Fomento de xogos cooperativos na aula e nos patios.
- Organización de festas escolares (magosto, entroido...) onde participemos todos.
- Actividades para a celebración do Día escolar da Paz co titor e profesorado en xeral.
- Colaboración coas familias formulando e esixindo o cumprimento das normas cos mesmos criterios.
- Acordamos compromisos de convivencia e contratos.

COIDAMOS O NOSO CONTORNO

A responsabilidade de todos no coidado do espazo escolar e de barrio é fundamental para favorecer un bo clima de convivencia:

- Sensibilización e participación en todas as actividades promovidas polo equipo de medio ambiente de centro.
- Coidado das instalacións, mobiliario e materiais do centro.
- Coidado da limpeza de aula, controlada polo delegado/a.
- Responsabilidade de todos no coidado dos patios, corredores, horto escolar e plantas.
- Concienciación no coidado do noso barrio con actividades complementarias no Parque Eugenio Granell, Brañas e río Sar.
- Educación para un desenvolvemento ecolóxico sostible: utilización adecuada da luz, auga, calefacción...; reducindo, reutilizando e recollendo selectivamente os residuos orgánicos, papeis, envases, pilas...

D. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, adoptaranse as seguintes fases:

- fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación.

- fase segunda: recollida de información e rexistro.
- fase terceira: análise da información e adopción de medidas.
- fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

Esta fase aporta pautas sobre que facer cando un alumno ou unha alumna se sinte vítima de acoso escolar, ou ben a familia, o profesorado ou algún compañeiro ou compañeira detecta unha situación deste tipo.

Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo 1 do protocolo base)

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna, ten a obriga de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora desta:

- Alumnado: aula de titoría, comunicación verbal a un adulto.
- Familia: atención de titoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á dirección.
- Profesorado: comunicación á persoa titora do alumnado implicado e/ou á dirección.
- Persoal de administración e servizos: comunicación ao titor do alumnado implicado e/ou á dirección.
- Persoas alleas ao centro: comunicación directamente á dirección.

A continuación, rexistrárase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar mediante o emprego do anexo 1 do protocolo base.

En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

Medidas urxentes de protección á presunta vítima

Ao mesmo tempo, a dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas

causante/s da posible situación de acoso.

- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo 2 do protocolo base)

A dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade, tal como recolle o artigo 30.2.c) da Lei 4/2011.

No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.

Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexos 3 e 4 do protocolo base)

Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito a través dos anexos 3 e 4.

Nesta comunicación, as familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos feitos denunciados e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación. Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos.

Nomeamento dunha persoa responsable das averiguacións previas, se procede (anexo 5 do protocolo base)

A dirección do centro, cando estime que é necesario clarificar os feitos denunciados de cara á posible incoación dun expediente, designará unha persoa responsable das averiguacións previas, e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta. Entre a información facilitada nesta primeira reunión estará a relativa a:

- Os supostos feitos e a todos os trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento.
- A copia dos partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecten ao alumnado implicado.
- O informe dos titores deste alumnado.

Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para proceder, cando así se estime, á incoación do expediente correspondente. Esta persoa poderá ser, se procede, a responsable da tramitación do dito expediente.

A persoa que desempeñe esta función deberá ser nomeada entre o profesorado do centro. Con carácter

xeral, no caso de ciberacoso deberá contar con coñecementos no uso das TIC.

O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.

Consonte ao establecido no Decreto 8/2015, as averiguacións previas deberán realizarse nun prazo máximo de 2 días. A decisión sobre a incoación de expediente deberá tomarse nun máximo de 3 días (incluídas as averiguacións previas).

Cando os feitos sexan claros e non se consideren necesarias as averiguacións previas, poderá procederse directamente á incoación do expediente.

Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo 6 do protocolo base)

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a dirección poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

Cantas actuacións se desenvolvan realizaranse sempre tendo presente a imprescindible confidencialidade de todo o proceso.

De apreciarse indicios de delito ou falta penal en calquera momento do proceso, notificarase ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores (con traslado á administración educativa) para a súa valoración. No caso de iniciarse un proceso penal, o centro suspenderá as actuacións en tanto este non se resolva.

Segunda fase. Recollida de información e rexistro

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

Recollida inicial de información (anexo 7 do protocolo base)

A información debe recollese dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen..., entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna presuntamente acosado/a, alumnado presuntamente acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiros ou compañeiras e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes doutras institucións...

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madurez dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se produciise fóra das instalacións do centro.
- Feitos observados.

Entrevista individual á presunta vítima (anexo 8 do protocolo base)

O obxectivo desta entrevista será dilucidar a posible veracidade dos feitos denunciados e, polo tanto, a pertinencia de incoación de expediente, así como proporcionarlle apoio e protección ao alumno ou á alumna, rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Será necesario revisar a información dispoñible e ter en conta que posiblemente lle custe falar do tema e que incluso o negue. É importante que esta primeira toma de contacto se xere nun clima de confianza, polo que, se é necesario, deberá repetirse ata que o alumno se encontre en disposición de trasladar o alcance do problema.

A entrevista debe comezarse de xeito indirecto e ir centrándose progresivamente no tema. Haberá que manter unha actitude comprensiva e amosarse receptivo. No remate desta debe transmitirse unha actitude tranquilizadora e comunicar explicitamente a busca de solucións e o compromiso para atallar o problema detectado.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso (anexo 9 do protocolo base)

O obxectivo desta entrevista será recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas presuntamente agresora/s, amosar a postura do centro de tolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa posible conduta para a vítima e para eles ou elas mesmos/as, sen confundir “sermón” con entrevista. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá, se non está acompañado da súa familia, que esta entrevista se produza en presenza dun adulto, tal e como se especifica no apartado correspondente á tramitación de expedientes do procedemento corrector.

Os datos achegados pola/s persoa/s presuntamente responsable/s do acoso servirán para constatar os

feitos e valorar se realmente está ou están exercendo de acosador/es ou acosadora/s.

No anexo 9 recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso corrector, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras (anexo 10 do protocolo base)

O obxectivo desta entrevista é a recollida de información das persoas “espectadoras/observadoras”, que son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade e non se atope acompañado da súa familia procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida das persoas que son presuntamente acosadas e acosadoras, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.

No caso de que sexa máis dunha persoa, as entrevistas deben ser realizadas de forma individual.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s (anexos 11 e 12 do protocolo base)

Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, se son coñecidos polos pais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto.

É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, explicándolles os seguintes pasos da intervención para atallar o problema:

Entrevista coa familia da posible vítima (anexo 11): necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e para a adopción de medidas conxuntas. Tamén serán informados das medidas adoptadas, se é o caso, para a súa protección.

Entrevista coa familia da persoa ou persoas presuntamente acosadora/s (anexo 12): necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e para a adopción de medidas conxuntas. Serán informados de posibles medidas provisionais que se puidesen adoptar e que lle afecten ao seu fillo ou filla, amosándolles a postura firme do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias deste tipo de condutas.

Nos anexos 11 e 12 recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento destas entrevistas.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro (anexo 13 do protocolo base)

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico á persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (anexo 14 do protocolo base)

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da dirección poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso.

Ademais, a complexidade das situacións de ciberacoso pode derivar na necesidade de consulta e traslado dos feitos a axentes externos ao centro como:

- Axencia Española de Protección de Datos.
- Policía local.
- Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional.
- Outros.

Unha vez rematado o proceso de recollida de información, rexistraranse nun documento todos os datos relevantes para proceder á súa análise.

Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas Análise da información (anexo 15 do protocolo base)

Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes. Resulta imprescindible ordenar adecuadamente as actuacións e garantirlles a información aos implicados sobre o proceso desenvolvido ata o momento e a discreción no tratamento dos datos e da información obtida. Trátase de atopar coincidencias e diverxencias entre os datos obtidos das diversas fontes de información.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable das averiguacións previas á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas provisionais que cómpre adoptar, así como a incoación do expediente, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF), no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Cando se aprecien indicios suficientes da situación de acoso escolar, débese distinguir entre as medidas que se adopten tendentes á protección da posible vítima, as medidas reeducadoras e correctoras da persoa ou persoas presuntamente agresora/s e as referidas a outros membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro aprecien indicios de condutas penais, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...), aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade e aqueloutras recollidos na lexislación establecida para o efecto, tal como se indica no punto 6 deste documento, referido a aspectos xurídicos da responsabilidade do centro.

Adopción de medidas educativas

Con independencia do resultado da instrución do expediente, unha vez rematado este, a persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración a información aportada, ditaminará as

medidas de mellora educativas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Medidas de protección á presunta vítima (anexo 16)

Con independencia das medidas adoptadas con carácter urxente para protexer a persoa presuntamente acosada, son múltiples as posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso.

Algunhas destas medidas poderían ser:

- Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/s).
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- Tutoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconcepto e da autoestima...
- Actividades para desenvolver nas titorías enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, logo do oportuno expediente.
- Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s .
- Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.
- Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.

- **Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s.** Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:
 - Elaboración por parte do departamento de orientación dun programa de habilidades sociais.
 - Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
 - Formación de equipos de mediadores.
 - Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
 - Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva, pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
 - Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
 - Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
 - Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

Medidas correctoras para a/s persoa/s agresora/s. Unha vez confirmada a existencia de indicios suficientes da situación de acoso, requirírase da tramitación do oportuno expediente segundo as instrucións e procedementos establecidos con carácter xeral.

Outras medidas (anexo 16 do protocolo base)

Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador.

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía ...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

Coas familias.

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación

en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.

- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

Co equipo docente.

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado tutor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas (anexo 16 do protocolo base)

Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario continuar levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro) e o tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a

actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conduta.

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de consecución, segundo a temporización prevista.

E. Concreción, en cada unha das actuación, das medidas ou programas, das persoas ou órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos a seguir para o seu desenvolvemento e execución.

Liñas de actuación para previr os conflitos

A convivencia é unha aprendizaxe básica, non xurde, constrúese a través do diálogo e do traballo cooperativo. Adquírese primeiro na casa, logo na escola e entre iguais:

A) GRUPO-CLASE EN AULAS

- Acollida do alumnado novo recollido no plan de adaptación.
- Traballo das normas das NOF en cada titoría.
- Normas específicas de cada aula que se elaborarán conxuntamente co alumnado.
- Fomento da autonomía, afectividade, autoestima, dos valores democráticos mediante xogos, dramatizacións, contos, asambleas...
- Atención á diversidade:
 - Criterios de distribución do alumnado.
 - Atención e asesoramento por parte do Orientador
 - Atención por parte de PT e AL ao alumnado de nee.
 - Actividades complementarias relacionadas coa saúde, coeducación, a paz, habilidades sociais..., organizadas con diferentes institucións.
 - Apoio a alumnado por parte de profesorado con liberalización horaria.
 - Atención puntual fora aula a alumnado con problemas condutuais.
 - As accións incluídas no Plan de atención á diversidade.

B) PATIO ESCOLAR –TEMPO DE LECER

Observando os problemas que as veces xorden no patio (agresións, insultos, falta de habilidades para xogar, nenos sós e aburridos, falta de habilidades básicas, tempo de clase dedicado a resolución de conflitos...), precísase adoptar medidas preventivas para favorecer a diminución dos conflitos e, cando xurdan, abordalos como unha oportunidade de aprender a convivir.

Na CCP acordáronse estas medidas:

- Implicarse todos os mestres do Claustro na convivencia do centro.
- Acordos nos LUACOR da planta baixa(sinalados con 1 orella e 1 boca)

- Formar a principio de cada curso a mediadores de 5º e 6º (Orientador).
- Distintivo para os mediadores (pano verde)
- Traballar a resolución de conflitos (método PIXEP)
- Favorecer a convivencia e habilidades para aprender a xogar no patio escolar establecendo zonas de xogos:
- Patio cuberto: baloncesto, balonmán, balompé, brilé e xogo do mes.
 - Patio de herba: xogo libre.
 - Patio de columnas: mariola, corda, tres en raia, goma, pano, pase misí, rato e o gato, balón de goma.
 - Realizar o xogo do mes, dinamizado polo profesor de EF e O.
 - Biblioteca: lectura libre, audiovisuais, internet, empréstito de libros.
- Manter pintados as zonas de xogo no patio.
- Mercar e manter actualizados materiais necesarios para os xogos.
- Nomear os responsables do material.
- Implicar os nenos na elaboración das normas de convivencia e dos xogos.

C) RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA

As actuacións que favorecen esta relación adoptará as seguintes medidas:

- Información das normas de centro nas:
 - Reunións colectivas
 - Circulares informativas a través do alumnado
 - Entrevistas individuais en titorías
 - A través do seu representante no Consello escolar
 - Taboleiro e portais da planta baixa e entrada principal
- Día de portas abertas no período de matrícula.
- Solicitar e dar información directamente ao centro sobre calquera feito preocupante.
- Protocolos informativos a seguir polas familias:
 - Dirixirse en 1º lugar ao titor/a, previa solicitude, con tempo suficiente para recabar información de todo o profesorado da súa titoría.
 - Ao profesor implicado, solicitando entrevista a través do titor/a.
 - Logo ao xefe de estudos
 - Máis tarde ao orientador
 - Finalmente á dirección.

- Indicacións do centro ás familias:
 - Se un neno sofre intimidación, escoitalo e non recriminalo.
 - Informar ao titor, para que poida tomar medidas.
 - É fundamental a comprensión dos proxenitores, pero non a sobreprotección.
 - Se o seu fillo é o problemático, é moi importante falalo e valorar os seus feitos e actuar con firmeza pero sen agresividade.
 - Asumir a responsabilidade no caso de ser o seu fillo o indisciplinado.
 - Inculcarlle o respecto ás demais persoas.
 - Non presentar fisuras nas decisións familiares ante o neno/a.
 - Colaborar coas indicacións recibidas do colexio.
- De non estar satisfeito, contactar con dirección para solicitar axuda externa.

Resolución de conflitos e mediación

Pretendemos que os nenos e nenas aprendan a resolver os conflitos de maneira construtiva. Todos debemos asumir que o conflito é normal nas relacións interpersoais e grupais e que, dependendo de como o abordemos e resolvamos, pode ser positivo ou negativo para a convivencia.

Pasos a seguir para a resolución:

1. Saber que é un conflito
2. Manter a calma e reflexionar
3. Identificar o problema, buscar información.
4. Buscar todas as solucións posibles.
5. Prever as consecuencias dos ditos e actos.
6. Poñerse no lugar do outro.
7. Seleccionar os mellores medios para conseguir o obxectivo proposto.
8. Chegar a un acordo no que todos gañen.

Ao inicio de cada curso formar ao alumnado, en titorías, para que eles resolvan os conflitos interpersoais nos LUACOR. Lugar de acordo, onde haberá dúas cadeiras, unha sinalada cunha boca para falar e outra, sinalada cunha orella, para escoitar. Acudirán os implicados, intercambiaranse os papeis, segundo falen ou escoiten, expoñerán a súa problemática e expresarán os seus sentimentos. Posiblemente cheguen a un acordo quedando así resolto o conflito.

Para os casos nos que non cheguen a un acordo estableceremos a *mediación* coa figura do mediador. Serán alumnos/as de 6º curso e de 5º curso, elixidos democraticamente polos seus compañeiros e compañeiras, que rotarán de 2 en 2 no caso de haber moitos voluntarios.

Protocolo a seguir polos mediadores:

- Median só se os implicados aceptan a mediación
- escoitan as dúas partes que respectarán estas normas:
 - Escóitanse sen interrompir
 - Falan sen ofender
 - Expoñen os motivos que os levaron a ese feito.
 - Din o que querían conseguir
 - Din o que conseguiron
 - Explican como se sentían antes e agora
- Axudan buscando solucións para chegar a un bo acordo.
- Serán testemuña do acordo das partes implicadas.
- Os mediadores reciben formación inicial co orientador do centro e manteñen reunións periódicas, para seguimento do seu traballo e formación continua.
- Levarán un distintivo verde, tanto nas horas de lecer como nos días de festas no centro.
- Pode ser necesaria a presenza dun adulto que observe sen intervir

Protocolos de actuación no caso de condutas prexudiciais para a convivencia

En todo conflito escolar hai moitos factores que inflúen, por iso neste documento reflectirase un procedemento de actuación que servirá de guía.

Terase en conta:

- Traballo conxunto escola-familia.
- Diálogo entre as partes implicadas.
- De ter que chegar a impoñer unha sanción, esta será proporcional á conduta e que contribúa ao proceso educativo.
- Comprensión
- Firmeza nas medidas a tomar.

No caso de que chegue a ser precisa a corrección, o procedemento a seguir cumprirá estritamente, como non pode ser doutro xeito, o que se recolle ao respecto no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, seguindo os pasos reflectidos no protocolo básico elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e O.U.

Accións posteriores

1- AVALIACIÓN DO COMPORTAMENTO

- Avaliaranse aspectos en relación ao:

- Alumno de forma individual.
- Centro docente: alumnado, profesorado e toda persoa relacionada co feito, organización, metodoloxía...
- Familia: solicitando toda a información posible a través dela e doutros organismos.

2-PLAN DE ACTUACIÓN

- Será programado conxuntamente polo titor, orientador e xefe de estudos, que será presentado ao resto do profesorado e recollerá a actuacións que se levarán a cabo .
- Bloques de traballo:
 - Actuación individual co alumno/a: Obxectivos e especificación de técnicas que se van traballar, sinalando a temporalización e os responsables de levalas a cabo.
 - En relación co centro: Medidas en canto á ubicación espacial do alumno/a na aula, aceptación ou rechazo dos compañeiros, organización e dinámica da clase ou centro, recursos, currículo, medidas de apoio escolar e estratexias de coordinación entre todo o profesorado, para actuar todos na mesma liña.
 - No ámbito familiar: Manterase unha estreita colaboración, fixando un calendario de reunións e proporcionando ás familias as pautas a seguir no proceso. Para incidir en aspectos de conduta e de realización de tarefas académicas, asistencia diaria e puntual ao centro, asistencia co material preciso..., chegaranse a asinar compromisos entre o titor ou Orientador, discente e responsables legais (Anexos I e II)
 - Con outros organismos: Coordinación con todos aqueles que teñan relación co alumno/a (sanitarios, sociais...)
- Este plan incluírá un seguimento de todo o proceso e avaliación dos resultados do mesmo.

F. Normas de convivencia do centro e protocolo para a detección ou o incumprimento destas.

Normas básicas de convivencia

Contribuír a crear un ambiente adecuado no centro entre todos os membros da comunidade educativa, participando e colaborando activamente, favorecerá sen dúbida un mellor desenvolvemento da convivencia no centro. Por iso, faise é preciso elaborar uns mínimos principios e regras de condutas básicas que contribúan a xeralo:

1.1.- Asistencia e puntualidade:

- É obrigatoria a asistencia a clases.
- Respectaranse os horarios para o desenvolvemento das actividades do centro, polo que cómpre ser puntuais nas entradas e saídas.
- O alumnado responsabilízase de traer a clase o material preciso para levar a cabo as actividades que lle encomende o profesorado.
- Non se poderá abandoar a aula, salvo causa de forza maior e sen permiso do profesorado,

durante o período lectivo correspondente.

- Entrarase na aula sen molestar ao resto dos compañeiros e compañeiras.

1.2.- *Comportamento durante o desenvolvemento das actividades lectivas. Durante a xornada escolar hai que:*

- Atender ás explicacións e indicacións do profesor/a.
- Realizar os traballos que o profesorado mande para casa.
- Pedir previamente a palabra para poder intervir e respectar o quenda de palabra dos demais.
- Evitar interromper o desenvolvemento normal da clase con conversacións, ruídos ou calquera outro acto que poida ser considerado como molestia da mesma.
- Manter unha actitude de traballo, prestando atención ao profesorado en silencio e realizando as tarefas que este considere mais convenientes en cada momento.
- Respectar as normas de organización interna do centro, de uso das instalacións, das actividades organizadas polo centro, as extraescolares organizadas pola ANPA e os servizos complementarios, tal como se recollen nas normas de organización e funcionamento.

1.3.- *Comportamento en relación a calquera persoa da comunidade educativa:*

- Respectar a autoridade do profesorado, tanto dentro da clase como no resto do Centro.
- Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Manter a corrección no modo de falar, e en xeral na relación con profesores/as, compañeiros/as e demais persoas que conviven no centro.

1.4.- *Comportamento en relación aos compañeiros/as:*

- Respectar o exercicio de dereito ao estudo dos seus compañeiros/as.
- Manter un trato correcto cara os compañeiros e compañeiras, non permitíndose, en ningún caso, o exercicio da violencia física, verbal, as agresións morais, descalificacións, ...
- Vestir coa corrección que corresponde nun centro educativo, no senso que recolle o apartado normas de carácter xeral dentro do capítulo organización interna do centro das NOF, e vir aseados e aseadas.

1.5.- *Comportamento en relación ao material e as instalacións:*

- Respectar e utilizar correctamente os materiais e as instalacións do Centro.
- Velar pola limpeza da aula, do mobiliario e do material común, facendo un uso correcto de todo o material dispoñible.
- Respectar o material alleo, evitando utilizalo en beneficio propio, sen permiso.
- Respectar a disposición das mesas e os lugares asignados polo Centro, ou polo profesorado.
- Non usar dispositivos electrónicos que impidan o normal desenvolvemento das clases. Só poderán utilizarse aqueles que, baixo a supervisión do profesorado, sexan necesarios como recursos para as actividades docentes.

1.6.- Erradicación de prexuízos sexistas no Centro.

Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo, de misoxinia ou de homofobia que puidese existir no seo da comunidade escolar. Aplicaranse activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres e dos homes.

Ditas condutas son contrarias ás normas de convivencia do Centro e en función da súa gravidade terán o tratamento correspondente.

Dereitos e deberes do alumnado.

Os dereitos e deberes do alumnado e condutas contrarias á convivencia e corrección das mesmas incorpóranse nestas normas de convivencia, tal como quedan redactados nos apartados correspondentes das normas de organización e funcionamento do centro ao aveiro do disposto na Lei 4/2011 e Decreto 8/2015 que a desenvolve.

Protocolo para a detección ou o incumprimento das normas de convivencia.

A Dirección articulará os mecanismos que considere necesarios, dentro do marco legal, para detectar na medida do posible o incumprimento das normas que poidera producirse en cada un dos sectores da comunidade educativa.

Como principio xeral, considerase que o mellor medio para a detección do incumprimento será a avaliación periódica do cumprimento das obrigas e funcións obxecto do labor que cada sector ten asignado.

G. Condutas contrarias á convivencia e correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Como non pode ser doutro xeito, os principios xerais e a concreción das condutas contrarias á convivencia e as medidas correctoras correspondentes, serán as que establecen a Lei 4/2011 e o Decreto 8/2015 que a desenvolve.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e a súa corrección.

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de

nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III deste decreto.

2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Condutas leves contrarias á convivencia e a súa corrección

Condutas leves contrarias á convivencia

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas contrarias ás normas básicas de convivencia, recollidas nas normas de organización e funcionamento.

Medidas correctoras

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudo.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables da aplicación das medidas correctoras

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Solicitud de revisión e execución de medidas

1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

2. A resolución que imponha algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

H. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, composición e periodicidade das reunións e plan de actuación da aula de convivencia.

Comisión de convivencia

A comisión de convivencia está integrada por:

- A Dirección do centro.
- Cinco representantes do profesorado.
- Catro representantes dos pais e nais do alumnado.
- Un/unha representante do persoal de administración e servizos.

Manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

As funcións da comisión de convivencia son as que recolle o artigo 6 di decreto 8/2015 do 27 de xaneiro.

Aula de convivencia

A Aula de Convivencia inclusiva preséntase como unha medida para intentar mellorar as condutas e actitudes daqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades na convivencia tanto no grupo-clase como no centro.

A súa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

1. Obxectivos

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria as normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta ao desenvolvemento das clases.
- Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.
- Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- Favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- Resolver os conflitos de maneira pacífica dende o diálogo e a reflexión.
- Educar para a vida, potenciando as relacións interpersoais de cada alumno ou alumna para súa integración satisfactoria na comunidade

2. Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos

poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.

A aula inclusiva de convivencia é un espazo educativo onde o alumnado poderá acudir exclusivamente cando se vexa privado do seu dereito a participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas como consecuencia da imposición dunha corrección o medida disciplinaria por algunha das condutas tipificadas como contrarias á convivencia escolar. É necesario, polo tanto, que o alumno o alumna recibise algún tipo de corrección.

Criterios e condicións

- Previa imposición dunha corrección ou medida disciplinaria.
- Para derivar a un alumno o alumna á Aula de Convivencia, deberá considerarse se con esta medida se van acadar os obxectivos establecidos no Plan de Convivencia.
- Ser reincidente na súa actitude e conduta contra as normas de convivencia.
- Subscribir un Compromiso de Convivencia que implique directamente o traballar algún dos obxectivos da Aula.
- A expulsión non favorecería a corrección da conduta e non sería percibida polo alumno o alumna como un castigo.
- Número máximo de veces que un alumno o alumna pode ser derivado á Aula.
- Número máximo de días e horas ao día de atención na Aula.
- Número máximo de alumnos o alumnas que poden atenderse simultaneamente na aula.

Actividades a desenvolver:

- Durante o tempo de permanencia do alumno ou alumna na aula inclusiva de convivencia, realizará as actividades curriculares que lle programe o seu profesorado titor e especialista, así como aquelas outras que prepare o departamento de orientación encamiñadas a favorecer o proceso de reflexión e fomento de actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

3. Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva.

O profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, será o profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva superviar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

A programación das actividades e tarefas de carácter curricular a desenvolver polo alumno/a durante o horario lectivo, será responsabilidade do titor/a e do profesorado especialista asignado ao seu curso. A distribución horaria das materias, será a mesma cá do resto do grupo ao que pertenza.

4. Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva,

que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

PROGRAMA DE INTELIXENCIA EMOCIONAL:

Conciencia emocional

- Adquisición dun vocabulario emocional
- Identificación das propias emocións e sentimentos
- Recoñecemento dos sentimentos e emocións dos demais
- Toma de conciencia do propio estado emocional.

Regulación emocional

- Estratexias de autorregulación emocional: diálogo interno, relaxación, autoinstrucións, reestructuración cognitiva...
- Regulación dos sentimentos e impulsos
- Tolerancia a frustración
- Autoestima

Habilidades socio-emocionais

- Empatía
- Relacións positivas cos demais
- Estratexias de resolución pacífica de conflitos: método PIXED.
- Establecemento de relacións de grupo.

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

- Diferenciar a conduta asertiva, pasiva e agresiva.
- Facer cumpridos.
- Saber dicir non
- Pedir favores
- Defender os propios dereitos
- Tomar decisións
- Interacción co grupo
- Saber esperar.
- Respectar quenda
- Saber agradecer.

Estratexias :modelado, role-playing, intercambio de papeis, feedback, debate grupo clase

5. Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

O horario de funcionamento da aula abranguerá o período lectivo completo, durante aqueles días que sexa preciso utilizala por parte dalgún alumno ou alumna e funcionará na aula que a tal fin se ten

acondicionado no primeiro andar, a carón do despacho do orientador.

O material co que conta é:

- Películas e cortos de animación de contido emocional.
- Bibliografía:
 - Educación emocional. Programa para educación primaria. Ed. Wollters kluwer. Agnés Renom Plana.
 - Las habilidades sociales en la infancia. Evaluación y tratamiento. Autor: Larry Michelson. Ed. Martínez Roca.
 - Educar con inteligencia emocional. Autor: Maurice J. Elias. Ed. Plaza&Janés.
 - 101 historias sanadoras. Autor: George W. Burns. Ed. Palmyra.
 - Crecer sin peleas. Autora: Elizabeth Crary. Ed. RBA.
- Aqueloutro que en cada caso concreto se estableza nas programacións que se preparen para este alumnado.
- O departamento de orientación aportará material didáctico para a reflexión e os titores/as e especialistas o material didáctico formativo.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a

I. Mecanismos de coordinación e colaboración interna do centro, coas familias e con outros centros e organismos do contorno.

O presente plan de convivencia recolle o consenso de todos os sectores da comunidade educativa no enfoque co que abordar o fomento da boa convivencia no centro.

As medidas de prevención das condutas contrarias a esta, a resolución dialogada dos conflitos e a mediación entre as partes, son valorados, de xeito unánime, como os alicerces nos que fundamentar o seu desenvolvemento. Por iso, todos os membros da comunidade terán o seu papel a través das canles e órganos de representación que cada sector ten definidos nas NOF do centro.

Terá que haber unha implicación efectiva comunidade escolar no seu conxunto á hora de:

- Denunciar feitos ou situacións que supoñan un claro atentado contra a convivencia no centro.
- Colaborar no esclarecemento destes feitos ou situacións.
- Acatar as decisións adoptadas dentro do marco legal vixente.

É precisa, tamén, a colaboración de todos e todas membros da Comunidade Escolar para alcanzar os obxectivos do Plan de Convivencia. Cada quen dentro do seu campo de actuación, procurará impulsar as medidas contempladas no mesmo. Un xeito salientable de colaborar activamente na resolución de

certos conflitos será a mediación escolar, que se levará a cabo co protocolo xa descrito.

Con carácter xeral, establecerase relacións coas seguintes institucións:

- **Universidade**: Da que podemos obter asesoramento e colaborar nos programas nos que participen alumnos ou alumnas do centro.
- **Concello**: é fluída e continua, tanto co departamento de educación, como con servizos sociais e a UAF (unidade de atención a familias).
- **Servizo de saúde mental do CHUS**: O departamento de orientación, manterá os contactos precisos para apoiar a aquel alumnado do centro atendido por este servizo.
- Outros centros de ensino
- IES aos que estamos adscritos: Manteremos relacións fluídas cos IES aos que estamos adscritos. Realizaremos actividades conxuntas, xuntanzas de traballo entre os orientadores e promoveremos visitas do alumnado e as familias no período de reserva de praza.
- Outros centros: Intentaremos organizar actividades conxuntas para que o noso alumnado comparta experiencias con neno e nenas doutros colexios da cidade e de fóra dela.
- Equipo de orientación específico de A Coruña.
- **CAFI** a través de cursos, grupos de traballo e seminarios de formación.
- **ASOCIACIÓNS DOWN COMPOSTELA E ASPANAES**, a través da dirección e do xefe do departamento de orientación do centro.
- Utilización dos recursos do contorno: centros socioculturais, bibliotecas públicas, centros polideportivos, ...

J. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

Unha vez aprobado este plan, un exemplar do mesmo quedará na Secretaría do centro, ao dispor de toda a comunidade. Exporase tamén unha copia no taboleiro do centro. Haberá tamén, como mínimo, unha copia na sala do profesorado e Xefatura de Estudos.

Nas reunións de tutoría farase unha difusión do seu contido. Tamén se enviarán circulares ás familias lembrando as normas de convivencia e os aspectos organizativos que periodicamente se considere oportuno resaltar.

M. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

A avaliación realizarase de xeito continuo, mediante a observación e intercambio de opinións entre os membros dos diferentes axentes responsables da convivencia escolar que se recollen no capítulo I, do título II, do Decreto 8/2015. O coñecemento inmediato das dificultades e desaxustes que se vaian producindo no desenvolvemento do plan de convivencia, permitirán corraxilos no momento en que se produzan, garantindo do correcto desenvolvemento do mesmo.

A comisión de convivencia recollerá toda esta información para facer o seguimento periódico e sistemático do plan. Ao estar representados nela todos os sectores da comunidade, vaise ver enriquecida polas achegas dos diferentes estamentos e será este o foro privilexiado para analizala, valorala e propoñer a posta en marcha inmediata dos axustes que sexan precisos.

A comisión de convivencia elaborará unha memoria anual do plan de convivencia, na que recollerá os datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, así como as propostas de mellora que decida facer. O pleno do consello escolar aprobará este documento, para que poida ser incluído na memoria anual do centro, que servirá de referencia para as oportunas modificacións do seguinte Plan de Convivencia. Nela reflectiranse:.

- Grado de implicación dos diferentes membros da comunidade educativa.
- Grado de desenvolvemento das actividades propostas.
- Incidencias no centro.
- Medidas adoptadas.
- Resolución de conflitos xerados.
- Propostas de mellora.

ANEXO I

MODELO DE COMPROMISO

D./Dna.....
pai/nai/ titor legal de.....
alumno do CEIP Ramón Cabanillas, escolarizado este curso en
e D./Dna.....
titor/a do alumno/a no centro, comprométense a:.....

Compromisos que adquire a familia:

- Asistencia diaria e puntual do alumno ao colexio
- Asistencia ao centro cos materiais e libros necesarios
- Colaboración para a realización de tarefas propostas
- Colaboración co colexio para modificar a conduta
- Colaboración na resolución de conflitos
- Entrevista en tutoría
- Outros

Compromisos do centro:

- Control de asistencia e información á familia
 - Seguimento de materiais, tarefas e información á familia
 - Aplicación das medidas acordadas para mellora da conduta
 - Mediación na resolución de conflitos
 - Entrevistas coa familia
 - Información diaria/semanal/mensual
- Outros: